



Viciclo 1906 JAZZ



CICLO 1906 JAZZ
SANTIAGO DE COMPOSTELA
marzo/xuño 2013

inauguración
RON CARTER TRÍO
Teatro Principal
domingo 17 marzo
20:00

GIULIA VALLE GROUP
Dado Dada
venres 12 abril
22:30

ROBERTO FONSECA
Teatro Principal
xoves 18 abril
21:00

NANI GARCÍA TRÍO
Dado Dada
sábado 11 maio
22:30

JOSHUA REDMAN QUARTET
Teatro Principal
mércores 15 maio
21:00

JORGE PARDO "HUELLAS"
Dado Dada
mércores 22 maio
22:30

MARCOS PIN FACTOR E-RESET
Praza da Quintana
mércores 19 xuño
12:00 e 19:06

Teatro Principal: 12 euros (anticipada) / 15 euros (billeteira)
abono 3 concertos: 30 euros
Dado Dada: 10 euros
Praza da Quintana: entrada libre

venda entradas
entradas.novagaliciabanco.es / 902434443
Teatro Principal (18-21, de martes a sábado)

COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL. Comunicación
Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576
Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: [compostelacapitalcultural](https://www.facebook.com/compostelacapitalcultural) TW: [CCultura](https://twitter.com/CCultura)
Web: www.compostelacapitalcultural.org / www.auditoriodegalicia.org

inauguración
RON CARTER TRÍO

Teatro Principal
domingo 17 marzo
20:00



RON CARTER TRÍO

Ron Carter - Contrabaixo

Donald Vega - Piano

Rusell Malone - Guitarra

Revisa a túa discoteca: atoparás poucos discos dos que marcaron o rumbo do jazz nos que non figure Ron Carter ao contrabaixo. Xa son máis de dous mil nos que participou e moitísimos deles cóntanse entre os imprescindibles. Todo un xenio como Eric Dolphy foi o líder da primeira gravación na que participou o contrabaixista de Michigan... e o resto dos nomes cos que tocou son, sen discusión, a encarnación da Historia do Jazz: Miles Davis, Thelonious Monk, Art Blakey, Coleman Hawkins, Joe Henderson, Bill Evans, Dexter Gordon, Freddie Hubbard, Herbie Hancock, Wes Montgomery, Jobim, Andrew Hill, Mc Coy Tyner, Jim Hall, Paul Desmond... Non existe un currículo máis selecto que o seu, pero non imos atafegarche cunha biografía que poderás ler en *Ron Carter: finding the right notes*. O seu título, por certo, non pode ser máis apropiado porque, como poderás comprobar en directo, Carter non fixo outra cousa en toda a súa longa traxectoria que tocar as notas correctas, as que todo músico busca, as que serviron de ancoraxe a moitísimos capítulos inesquecibles da singradura do jazz. O máis sorprendente é que nada desa máxica perfección se perdeu polo camiño. Carter, por fortuna, segue sendo Carter, e todos sabemos que non pode afirmarse o mesmo doutros músicos da súa idade.

GIULIA VALLE GROUP

Dado Dada
venres 12 abril
22:30



GIULIA VALLE GROUP

Giulia Valle - Contrabaixo
David Xirgu - Batería
Gorka Benítez - Saxo tenor e frauta
Marco Mezquida - Piano
Marti Serra - Saxo soprano e tenor

De Giulia Valle sorprenderache todo. Fascinarache a forza desbordante coa que se bota ás costas a todo o grupo, pero tamén a súa extrema sensibilidade para facer cantar ao seu contrabaixo e, como non, o encanto de magníficas composicións como *Argentina* ou *Berenice*. Os seus temas contan belas historias das que é moi difícil subtraerse, sementadas de sorpresas, carreiros e climax. *Live* (FSNT 2012), o seu último álbum rexistrado, retrata á perfección a súa riqueza e diversidade como compositora e a pegada dun gran line up en mangas de camisa. Postos en faena, os seus espadas elevan a música da contrabaixista con altas doses de entrega pasional e picardía. Barcelona, París e Nova York –nas que bebeu da sabedoría de músicos como Dave Holland, Furi di Castri, Scott Colley...– foron os seus centros de formación, pero sobre o escenario saca a relucir unha bagaxe cosmopolita moito máis ampla. Por tanto fornece a túa maleta con roupa para todos os climas, ritmos e impresións. Volverás como novo da experiencia.


3

COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL. Comunicación

Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576
Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: compostelacapitalcultural TW: CCultura
Web: www.compostelacapitalcultural.org / www.auditoriodegalicia.org

ROBERTO FONSECA

Teatro Principal
xoves 18 abril
21:00



ROBERTO FONSECA

Roberto Fonseca - Piano
Joel Hierrezuelo - Percusión
Jorge Chicoy - Guitarra
Ramsés Rodríguez - Batería
Yandy Martínez - Contrabaixo
Sekuo Kouyate - Kora

O pianista Roberto Fonseca declara abertamente que en YO (Jazz Village 2012) atoparémonos con “todas estas ideas que gardaba nun recuncho da miña cabeza, sen ter a oportunidade de levalas a cabo.” Ben sexa por atopar o don da oportunidade ou por alcanzar a madurez necesaria para esa materialización, o certo é que neste último traballo do cubano asistimos ao máximo esplendor da súa creatividade e á cristalización dunha longa experiencia acumulada como intérprete, compositor, arreglista e produtor. Esfinges da música cubana como Ibrahim Ferrer, Rubén González, Omara Portuondo, Cachaíto, Bebo e Chucho Valdés... reclamaron os seus servizos nalgunha desas facetas. Lonxe de estancarse nunha visión tradicionalista da música de raíz e nos meles saboreados en grandes escenarios como o Royal Albert Hall ou o Sydney Opera House, Fonseca colaborou con músicos de moi variados estilos seguindo o ronsel dunha inquietude innata. O DJ Gilles Peterson ou o artista electrónico Mala son un bo exemplo dese eclecticismo do que Fonseca se preza. O ingrediente africano cobra un especial protagonismo en YO, que, como afirmación contundente e irresistible dunha personalidade irrepitible, acolle tamén fórmulas do pop e o rock, dinámicas pegadizas e momentos de delicioso repouso. Prepárate para saborear unha fusión intensa de cores afrocubanos, sons acústicos e electrónicos e, sobre todo, non te esquezas de traer os pés para levar o ritmo.

4

NANI GARCÍA TRÍO

Dado Dada
sábado 11 maio
22:30



NANI GARCÍA TRÍO

Nani García - Piano
Simón García - Contrabaixo
Miguel Cabana - Batería

Desde a publicación en 2009 de 5 (última gravación de Clunia), Nani García retomou con asiduidade a súa actividade jazzística despois de forxarse unha reputada traxectoria como compositor de bandas sonoras, entre as que cabe destacar as laureadas *De Profundis* ou *Arrugas*. O afeccionado ao jazz coñecemoslle, con todo, por fundar aos mencionados Clunia, formación que editaba en 1983 o primeiro disco de jazz con factura galega e que recibía o Segundo Premio ao Mellor Grupo no Festival de Jazz de San Sebastián mentres el levaba a casa o correspondente á Mellor Composición. Moito choveu desde entón, pero o paso do tempo non minguou o olfacto jazzístico de Nani García. *Renaissance* (Xingra 2012) é o froito dun intenso traballo ao longo dos últimos anos perseguindo unha liña que enlaza a era do bop co jazz de autor e as coordenadas galaicas. Coa elección de Simón García e Miguel Cabana como membros da nave, o coruñés completou unha vigorosa sección rítmica que parece ter visos de continuidade e que ademais é especialmente vistosa en directo. Benvido sexa pois o seu “renacemento”.

JOSHUA REDMAN QUARTET

Teatro Principal
mércores 15 maio
21:00



JOSHUA REDMAN QUARTET

Joshua Redman - Saxo
Aaron Goldberg - Piano
Reuben Rogers - Contrabaixo
Gregory Hutchinson - Batería

A avogacía estadounidense perdeu a un colexiado o mesmo día en que o jazz gañou definitivamente a un grandísimo saxofonista. A encrucillada, resolta en 1991, podería parecer unha obviedade tendo en conta que o mozo Joshua, dotado dun enorme talento, absorbera ademais innumerables horas de música de todo tipo (Coltrane, Rollins, The Beatles, The Police, Prince etc) da man do seu proxenitor Dewey Redman, saxofonista nas filas do mesmísimo Ornette Coleman. A súa intención, con todo, non era a de dedicarse profesionalmente á música. O azar ou o espírito dos sostidos e os bemoles pousou finalmente os seus pés sobre a escena jazzística de Nova York, onde pronto irmándase co máis selecto da súa xeración: Peter Bernstein, Roy Hargrove, Mark Turner etc. Aos cinco meses gaña a competición internacional de saxofón Thelonious Monk e comparte escenario con ilustres colegas do seu proxenitor: Charlie Haden, Elvin Jones, Joe Lovano, Pat Metheny... Con este último grava o seu segundo disco *Wish* (Warner Bros 1993) no que tamén figuraban Haden e Billy Higgins. É evidente que o seu "wish" cumpriuse. Ao ano seguinte apuntaba aínda máis alto ao liderar, xunto a Brad Mehldau, Christian Mc Bride e Brian Blade, un cuarteto estratosférico. Desde entón xa só el mesmo pode facerse sombra e os seus pasos cóntanse como conquistas. A de 1998 foi a de reunir, para gloria do jazz, o seu segundo cuarteto estable, formado polos músicos que vas ter a sorte de escoitar: unha maquinaria demoledora para arroupar a un saxofonista que che porá os pelos de punta. Inventiva desbordante, dominio absoluto, fluidez exquisita e a máxima entrega. Estás ante un clásico sen ningún xénero de dúbidas. Necesitaban realmente os Estados Unidos un avogado máis?

JORGE PARDO "HUELLAS"

Dado Dada
mércores 22 maio
22:30



JORGE PARDO

Jorge Pardo - Saxos e frauta
Josemi Carmona - Guitarra
Pablo Martín Caminero - Contrabaixo
José Ruiz Motos " Bandolero" - Percusión

Aínda que sexa unha obviedade dicilo, Jorge Pardo non necesita presentación, pero o seu último traballo si. *Huellas* (Cabra Road 2012) é sen dúbida o proxecto máis ambicioso deste xigante da fusión do jazz e o flamenco. Os dezaioito temas que o compoñen son un increíble mosaico de todos os paus que roldan pola cabeza do madrileño. Sería imposible reunir sobre o escenario aos máis de sesenta músicos que colaboran na gravación, pero Jorge soubo condensar maxistralmente a súa fermosa esencia nun formato reducido e netamente flamenco. Achégache a escoitar ao mestre e comprobarás por que tocou coas lendas do xénero (Paco de Lucía, Camarón...) e tamén con aqueles outros músicos de ámbitos moi diferentes pero seducidos polo trasgo (Wagner Tiso, Vince Mendoza, Gil Goldstein...). O seu é o mellor sopro flamenco de todos os tempos, o sopro dun infatigable poeta coa mirada sempre orientada ao sur. Celebra connosco que a Académie du Jazz Française acáballe de outorgar o premio ao mellor músico europeo do 2012.

7

COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL. Comunicación

Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576
Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: compostelacapitalcultural TW: CCultura
Web: www.compostelacapitalcultural.org / www.auditoriodegalicia.org

MARCOS PIN FACTOR E-RESET

Praza da Quintana
mércores 19 xuño
12:00 e 19:06



MARCOS PIN FACTOR E-RESET

Javier Pereiro - Trompeta e fliscorno
José Luís Miranda - Trombón e bombardino
Fernando Sánchez - Saxo alto
Xosé Lois Miguelez - Saxo tenor
Toño Otero - Saxo tenor e barítono
Ton Risco - Vibráfono
Marcos Pin - Guitarra
Manolo Gutiérrez - Piano
Juansy Santomé - Contrabaixo
Max Gómez - Batería

En tempos de incerteza como os que nos tocou vivir son moi poucos os músicos que compoñen para formacións amplas, pois a miúdo o seu traballo permanece eternamente acumulando po no papel pautado. *Barbanza* (Freecode 2012) é o título dunha criatura xestada con paciencia, dedicación e unha altísima inspiración compositiva. Nela converxen a sonoridade, a tradición e os arranxos das big bands coa enerxía de formatos máis reducidos e dispostos en función do repertorio. Por suposto as grandes ideas nunca se materializan sen grandes executantes, de forma que o mérito de Pin, ademais do seu excelente tino como improvisador, débese tamén ao criterio co que seleccionou aos seus acompañantes, todos eles valores destacados da escena jazzística galega. Nas súas mans está o froito dunha realidade quizá impensable hai poucos anos. Longa vida ás big bands!!!!